

## 4.1.-

## SECTOR PRIMARIO E INDUSTRIAS RELACIONADAS

As actividades que se agrupan baixo este epígrafe de sector primario e industrias relacionadas son as relativas ós complexos agro-gandeiro, mar-industria e silvicultura-madeira. Cada un deles terá o seu propio apartado, que se subdividirá nunha parte adicada á situación estrutural do subsector considerado e outra parte adicada ó sector industrial propiamente dito.

O estudio do sector primario partirá da información facilitada pola EPA, os Presupostos Xerais da Xunta, a “Encuesta sobre superficies y rendimientos de cultivos 1998”, publicada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o “Anuario de estadística agraria 1997” da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria e mailo Ardán.

A importancia do sector primario para Galicia dedúcese do **cadro 1.1.5.** (VEB das comunidades autónomas 1998), onde se aprecia que, segundo os datos Funcas, o sector primario representa o 9,22% do VEB a custo de factores de Galicia. Como se pode apreciar, esta por-

centaxe é bastante superior á media estatal (4,98%) e Galicia é a cuarta comunidade co maior peso deste sector nas súas respectivas economías, por detrás de Estremadura, Castela-A Mancha e Andalucía.

Unha das características fundamentais da evolución do sector primario en Galicia é o continuo descenso do peso da **poboación ocupada**. En 1998, a poboación ocupada no sector primario ascendeu ó 19,79% da poboación ocupada galega fronte ó 21,78% do ano anterior. Non obstante, a diferenza do que aconteceu o ano 1997, cando descendeu a poboación ocupada tanto na agricultura como na pesca, 1998 presentou só un descenso da poboación ocupada no campo, xa que a pesca experimenta unha mellora en termos de poboación ocupada no subsector.

Como se pode apreciar no **cadro 2.1.4.** (Poboación ocupada 1997-1998: distribución segundo sectores económicos), a poboación ocupada na agricultura e gandería descende un 9,3% en relación ó ano anterior, en tanto que a pesca experimenta un crecemento do 2,8% no que ó número de traballadores ocupados

CADRO 4.1.1.

**Poboación ocupada na agricultura e na pesca en Galicia 1997-98:  
distribución por sexo e grupos de idade**

	Total		Homes		Mulleres	
	1997	1998	1997	1998	1997	1998
16 - 24 anos	9,38	12,28	6,65	8,63	2,75	3,65
25 - 54 anos	118,40	109,48	63,88	58,98	54,48	50,50
55 e máis anos	68,83	59,95	26,05	24,30	42,73	35,65
<b>Total</b>	<b>196,60</b>	<b>181,75</b>	<b>96,58</b>	<b>91,88</b>	<b>99,98</b>	<b>89,88</b>

Fonte: IGE

CADRO 4.1.2.

**Sector primario 1997: actividades que comprende o grupo**

(en millóns de pesetas)

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
Complexo mar-industria	727	446.822,34	77.527,49	25.195,63	322.564,09	26
Complexo agro-gandeiro	1.033	711.202,18	72.836,82	18.255,24	296.305,12	19
Complexo silvicultura-madeira	692	239.785,81	50.646,63	17.345,27	177.212,88	17
<b>Total</b>	<b>2.452</b>	<b>1.397.810,33</b>	<b>201.010,94</b>	<b>60.796,13</b>	<b>796.082,09</b>	<b>22</b>
<b>Peso do grupo no conxunto de empresas galegas</b>	<b>22,03%</b>	<b>29,38%</b>	<b>21,22%</b>	<b>23,73%</b>	<b>22,71%</b>	

Fonte: Ardán

se refire. A provincia de Lugo concentra o maior volume de traballadores no campo, ó acoller ó 35,5% da poboación ocupada na agricultura, gandería, pesca e silvicultura. No caso da pesca, é a provincia de Pontevedra quen concentra a maior porcentaxe de poboación ocupada, acollendo ó 57,04% do total da poboación ocupada adicada á pesca e piscicultura.

Os datos do devandito cadro confirman o maior peso da man de obra feminina no campo, o 55,9% da poboación ocupada no subsector agrícola e gandeiro, aínda que este peso descende lixeiramente respecto ó ano anterior, cando representaba o 56,8%. A importancia da man de obra feminina débese, en boa medida, ó papel das axudas familiares na agricultura, que representan o 74,9% do total e, dentro destas, a muller significou o 70,6% no ano 1998, fronte ó 65,81% do ano anterior.

A evolución da composición por idades dos traballadores do subsector recólle-

se no **cadro 4.1.1**. No ano 1998, despois do acusado descenso do ano anterior, o intervalo de persoas comprendidas entre os 16 e os 24 anos é o único que experimenta un crecemento da poboación ocupada, incremento que se produce tanto no caso das mullers como no caso dos homes.

Finalmente, os **cadros 4.1.2., 4.1.3., 4.1.4., 4.1.5. e 4.1.6.** reflicten a **situación empresarial** das industrias relacionadas co sector primario. Segundo o criterio de selección de empresas da base Ardán, o sector primario está formado por 2.452 empresas que facturan máis de 40 millóns de pesetas, cun emprego medio de 22 traballadores por empresa, e que xeraron un VEB total a custo de factores de 201.011 millóns de pesetas. Comparado coa situación empresarial de Galicia analizada polo Ardán, este sector acolle o 22% das empresas e xera o 21,2% do VEB a custo de factores.

O devandito **cadro 4.1.2.** amosa que

CADRO 4.1.3.

**Sector primario 1996-97: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB**

(en millóns de pesetas)

Núcleos	1996	1997	97/96
Vigo	32.445,67	35.420,06	9,17
A Coruña	17.993,27	19.464,85	8,18
Santiago	11.053,31	12.933,92	17,01
Redondela	7.909,68	8.226,23	4,00
Carballo	5.574,44	5.616,12	0,75
Arteixo	6.367,50	5.585,32	-12,28
O Porriño	4.627,78	5.171,80	11,76
Cangas	3.992,68	4.776,80	19,64

Fonte: Ardán

CADRO 4.1.4.

**Evolución da actividade no sector primario 1996-97: ingresos, custos e resultados**

	1996		1997		97/96
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Ingresos de explotación	1.250.254,45	100,00	1.397.810,33	100,00	11,80
Consumo e outros gastos de explotación	1.067.343,96	85,37	1.196.799,39	85,62	12,13
Valor engadido bruto a custo dos factores	182.910,48	14,63	201.010,94	14,38	9,90
Gastos de persoal	116.745,48	9,34	124.735,53	8,92	6,84
Resultado económico bruto da explotación	66.165,01	5,29	76.275,42	5,46	15,28
Amortizacións	25.398,51	2,03	29.462,88	2,11	16,00
Resultado económico neto da explotación	40.766,50	3,26	46.812,54	3,35	14,83
Carga financeira	14.399,04	1,15	11.381,66	0,81	-20,96
Resultado de actividades ordinarias	26.367,46	2,11	35.430,88	2,53	34,37
Resultado de actividades extraordinarias	10.258,94	0,82	8.753,55	0,63	-14,67
Resultado antes de impostos	36.626,39	2,93	44.184,42	3,16	20,64
Impostos	9.101,43	0,73	12.851,17	0,92	41,20
Resultado neto do exercicio	27.524,97	2,20	31.333,26	2,24	13,84
Cash-flow	52.923,48	4,23	60.796,13	4,35	14,88

Fonte: Ardán

son as actividades relacionadas co subsector agro-gandeiro as que engloban un maior número de empresas (1.033 empresas) xerando o 50,88% do total de ingresos de explotación e o 36,23% do valor engadido bruto a custo de factores. O subsector mar-industria, a pesares de acoller un menor número de empresas, 727, produce o 38,57% do valor engadido bruto.

O principal núcleo de localización atendendo ó valor engadido bruto xerado polas empresas, **cadro 4.1.3.**, é Vigo, cun total de 35.420 millóns de pesetas, un

9,17% máis que no ano anterior, seguido de A Coruña, cun valor engadido bruto xerado de 19.464,9 millóns de pesetas, un 8,18% superior ó do ano anterior.

Respecto á evolución da actividade: ingresos, custos e resultados, o **cadro 4.1.4.** reflicte que no ano 1997 prodúcese unha mellora do resultado económico neto de explotación e dos beneficios das empresas, así como do *cash-flow*. En termos dos ingresos de explotación, redúcese a evolución do VEB a custo de factores que pasan do 14,63% en 1996 ós 14,38% de 1997, en

CADRO 4.1.5.

**Evolución do investimento e do financiamento no sector primario 1996-97**

	1996		1997		97/96
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
<b>Activo total</b>	708.138,25	100,00	796.082,09	100,00	12,42
<b>Activo fixo (neto)</b>	285.986,79	40,39	318.204,04	39,97	11,27
<b>Gastos amortizables</b>	4.033,69	0,57	3.667,37	0,46	-9,08
<b>Inmovilizado inmaterial</b>	10.106,75	1,43	14.012,66	1,76	38,65
<b>Inmovilizado material</b>	199.520,49	28,18	210.838,95	26,48	5,67
<b>Outro inmovilizado</b>	71.838,89	10,14	89.360,34	11,23	24,39
<b>Outro activo fixo</b>	486,97	0,07	324,72	0,04	-33,32
<b>Circulante neto</b>	422.151,46	59,61	477.878,05	60,03	13,20
<b>Existencias</b>	130.097,76	18,37	144.958,31	18,21	11,42
<b>Debedores</b>	223.956,94	31,63	261.247,13	32,82	16,65
<b>Tesourería</b>	29.547,27	4,17	32.127,76	4,04	8,73
<b>Outro activo circulante</b>	38.549,51	5,44	39.544,85	4,97	2,58
<b>Fontes de financiamento</b>	708.138,25	100,00	796.082,09	100,00	12,42
<b>Financiamento permanente</b>	358.333,56	50,60	403.180,62	50,65	12,52
<b>Fondos propios</b>	240.694,52	33,99	270.628,12	34,00	12,44
<b>Recursos alleos I/p</b>	93.630,81	13,22	106.460,61	13,37	13,70
<b>Ingresos distribuídos en varios exercicios</b>	24.008,23	3,39	26.091,89	3,28	8,68
<b>Acreedores a curto prazo</b>	349.804,69	49,40	392.901,47	49,35	12,32
<b>Fondo de rotación</b>	72.346,77	10,22	84.976,58	10,67	17,46

Fonte: Ardán

CADRO 4.1.6.

**Sector primario 1996-97: estudio económico-financiero**

**Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación**

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotación. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
<b>1996</b>	6,22%	8,45%	15,78%	25,06%	11,66%	17,25%	2,27%	3,30%	1,02%	1,37%	2,52%	2,86%
<b>1997</b>	9,24%	10,30%	15,73%	24,44%	11,33%	16,55%	2,21%	3,38%	0,87%	1,15%	2,64%	3,16%

**Rendibilidade e magnitudes asociadas**

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
<b>1996</b>	6,31%	6,76%	2,61%	3,57%	2,19	1,82	11,79%	13,40%	3,55%	3,78%	2,22	2,49
<b>1997</b>	6,31%	6,96%	2,64%	3,66%	2,29	1,88	12,66%	15,23%	3,13%	3,37%	2,23	2,46

Fonte: Ardán

CADRO 4.1.1.1. **Presupostos consolidados da Consellería de Agricultura 1997-98: distribución dos créditos por programas**

	1997	1998	98/97
	<i>(en millóns de pesetas)</i>		<i>(%)</i>
Capacitación extensión agraria	1.373	1.419	3,35
Formación Profesional F.S.E.	298	302	1,34
Protección do medio ambiente natural	1.883	-	-
Infraestructuras, reforma e desenvolvemento agr.	4.744	4.430	-6,62
Prevenición e defensa contra incendios forestais	6.465	-	-
Desenvolvemento rural	2.190	2.267	3,52
Investigación e experimentación agraria	1.073	-	-
Servicios Xerais de Agricultura	2.957	2.364	-20,05
Promoc. cooperativismo e S. de Div. de Tec. Agr.	97	-	-
Sanidade animal e vexetal	2.293	2.253	-1,74
Ord., reestr., fomento e mellora da prod. agraria	9.129	5.132	-43,78
Ord., reestr. e desenvolvemento do sector forestal	7.050	-	-
Regulación de produtos e mercados agrarios	1.743	895	-48,65
Ordenación e creación de industrias agroaliment.	3.032	211	-93,04
Mellora da competitividade	4.147	-	-
Apoio ó investimento estratéxico	865	-	-
Plan Galego de Investigación	-	925	-
Elaboración e difusión estatística	-	14	-
Promoc. cooperativismo e S. de Div. de Tec. Agr.	-	323	-
Ordenación e cr. de industrias pes.	-	1.350	-
Fomento do sector gandeiro	-	5.949	-
Fomento das industrias agroalimentarias	-	3.403	-
Fomento da comercialización agroindustrial	-	648	-
Accións do plan de crecemento e emprego	-	600	-
<b>Total</b>	<b>49.339</b>	<b>32.485</b>	<b>-34,16</b>

Fonte: Xunta , Presupostos xerais da C.A.

tanto que o *cash-flow* aumenta desde o 4,23% do ano 1996 ata ós 4,35% de 1997.

En relación ó investimento e ó financiamento, **cadro 4.1.5.**, o activo total, onde un 60% é circulante, é financiado en partes iguais polos acreedores a curto prazo e o financiamento permanente.

No que ó estudio económico e financeiro se refire, o **cadro 4.1.6.** reflicte unha aceleración no ritmo de crecemento dos ingresos (do 6,22% de 1996 ó 9,24% en 1997), unha diminución do peso relativo dos gastos de persoal (pasa do 11,66% ó 11,33% en 1997) e unha redución da carga financeira (do 1,02% ata o 0,87% do último ano). A rendibilidade económica mantense no 6,3%, presentando lixeiros aumentos da marxe e da rotación de activos, e a rendibilidade financeira antes de impostos crece no período (do 11,79% de

1996 ó 12,66% de 1997) pola redución do custo da débeda.

#### 4.1.1.- Subsector agrogandeiro

A análise do subsector agro-gandeiro estrutúrase en tres partes: na primeira analizarase o subsector agrogandeiro no seu conxunto, para posteriormente considera-lo estudio da agricultura e da gandería por separado.

A Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria e mailo Instituto Lácteo Gandeiro de Galicia (ILGGA) son os encargados de levar a cabo as políticas relacionadas co ámbito agro-gandeiro. O **cadro 4.1.1.1.** recolle a distribución dos créditos por programas. A diferenza entre un e outro ano débese, en parte, á reordenación da Consellería trala

CADRO 4.1.1.2.

Presupostos da Consellería de Agricultura 1997-98: distribución económica

	Consellería		Organismo Autónomo (1)				Total
	1997 (en millóns de pesetas)	98/97 (%)	1997 (en millóns de pesetas)	1998 (en millóns de pesetas)	98/97 (%)	1997 (en millóns de pesetas)	
Operacións correntes	11.197	-33,82	154	827	437,01	11.351	8.237
Operacións de capital	38.141	-34,26	104	10.615		38.426	35.687
Total bruto	49.338	-34,16	259	11.442	158,44	49.597	43.924
Transferencias internas	259		259			259	11.439
Total consolidado	49.079	-57,12	259	11.442	158,44	49.338	32.485

(1) Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia  
Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 4.1.1.3.

Macromagnitudes agrarias 1996-97


	1996		1997				97/96 (%)
	Total	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Producción total agraria	415.793,5	399.525,6	137.426,9	114.958,0	62.676,3	84.464,7	-3,9
Reemprego no sector agrario	111.024,4	103.320,5	43.576,6	36.435,3	9.122,4	14.187,2	-6,9
Producción final agraria	304.768,9	296.205,0	93.851,3	78.522,7	53.553,9	70.277,5	-2,8
Achega subsector agrícola	73.001,4	65.354,8	18.122,5	9.146,8	8.943,8	29.141,7	-10,5
Achega subsector gandeiro	185.306,2	181.142,8	58.698,5	51.593,2	39.423,9	31.427,6	-2,2
Achega subsector forestal	36.760,4	39.916,6	13.907,0	13.838,7	4.068,6	8.102,3	8,6
Outras producións	9.701,0	9.790,8	3.123,3	3.944,0	1.117,6	1.605,9	0,9
Gastos fóra do sector	121.532,3	108.692,7	40.290,3	26.681,9	20.241,8	21.478,7	-10,6
Valor engadido bruto a p.m.	183.236,6	187.512,3	53.561,0	51.840,8	33.312,1	48.798,8	2,3
Subvencións de explotación	12.578,2	14.062,4	4.160,3	6.780,6	1.819,4	1.302,1	11,8
Valor engadido bruto ó c.f.	195.814,8	201.574,7	57.721,3	58.621,4	35.131,5	50.100,9	2,9
Amortizacións	43.704,6	43.775,1	13.847,3	11.913,3	10.357,2	7.657,3	0,2
Valor engadido ó c.f. ou renda agraria	152.110,2	157.799,6	43.874,0	46.708,1	24.774,3	42.443,6	3,7

(en millóns de pesetas)

Fonte: Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria

GRÁFICO 4.1.1.1.

**Achega dos principais subsectores á produción final agraria 1996-97**



Fonte: Consellería de Agricultura, Montes e Política Agroalimentaria.

creación da Consellería de Medio Ambiente, que trae consigo que a Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural se integre nesta última e a creación do ILGGA como órgano pagador (**cadro 4.1.1.2.**).

O **cadro 4.1.1.1.** amosa que os principais programas son os de Fomento do sector gandeiro, gandeiras; o de Ordenación, Reestruturación, Fomento e Mellora da Producción Agraria; e o de Infraestrutura, reforma e desenvolvemento agrario. O primeiro, con 5.949 millóns de pesetas, ten como obxetivos compensar as perdas de rendas motivadas polo descenso dos prezos garantidos para a produción de carne de ovino, caprino e vacún, e moderniza-las explotacións gandeiras. O segundo, con 5.132 millóns, ten

por obxeto accións que inciden no incremento de rendibilidade das explotacións, dentro do marco da PAC, e finalmente, o programa de Infraestrutura, reforma e desenvolvemento agrario, con 4.430 millóns, busca lograr explotación viables e consolida-la propiedade das explotacións agrarias.

Tal e como reflicte o **cadro 4.1.1.3.**, o subsector agrícola presenta unha importante supeditación ó sector gandeiro, xa que este último representa o 61,15% do total da produción final agraria en 1996, mentres que o subsector agrícola acolle o 22,06% da produción final agraria. Comparado coa situación do ano anterior, aumenta a importancia do subsector gandeiro, en tanto que descende a do subsec-

CADRO 4.1.1.4.

Distribución xeral de terras 1998

	Terras de cultivo		Prados e pasteiras		Terreo forestal	Outros	Total terras	
	Secaño	Total	Secaño	Total			Secaño	Total
	(en ha.)							
A Coruña	117.337	123.757	117.000	125.000	463.210	81.119	778.666	793.086
Lugo	172.448	181.433	157.550	163.961	578.899	56.002	964.899	980.295
Ourense	42.865	49.472	79.343	86.503	520.215	71.640	714.063	727.830
Pontevedra	45.132	60.983	47.914	55.828	272.229	57.416	422.691	446.456
<b>Total</b>	<b>377.782</b>	<b>415.645</b>	<b>401.807</b>	<b>431.292</b>	<b>1.834.553</b>	<b>266.177</b>	<b>2.880.319</b>	<b>2.947.667</b>

Fonte: Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria

CADRO 4.1.1.5.

Macromagnitudes agrarias 1996-97: gastos de fóra do sector

	1996		1997		97/96	
	Total	Total	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total (%)
	(en millóns de pesetas)					
Sementes selectas e pés	6.162,8	4.557,7	931,6	786,3	736,2	-26,04
Pensos para o gando	47.040,7	38.999,1	6.913,2	8.749,3	9.292,4	-17,09
Fertilizantes	4.886,4	5.108,4	1.202,6	174,0	945,8	4,54
Emendas	279,9	268,9	82,8	32,4	67,7	-3,93
Enerxía	8.928,3	8.713,3	2.531,9	1.368,3	1.535,1	-2,41
Lubrificantes	1.502,8	1.320,5	508,0	183	218,7	-12,13
Pneumáticos	3.353,1	3.117,1	890,0	485,6	581,5	-7,04
Productos fitosanitarios	1.575,7	1.567,7	247,6	379,2	382,5	-0,51
Tratamentos zoonosanitarios	6.169,9	6.248,6	2.339,1	1.657,9	954,1	1,28
Reparación de maquinaria	32.452,0	30.719,4	9.740,0	4.979,0	5.230,7	-5,34
Reparación de construcións	5.403,2	4.417,9	1.183,4	1.249,8	682,2	-18,24
Outros gastos	3.777,5	3.654,1	792,9	721,7	851,8	-3,27
<b>Total</b>	<b>121.532,3</b>	<b>108.692,7</b>	<b>26.661,9</b>	<b>20.414,8</b>	<b>21.478,7</b>	<b>-10,56</b>

Fonte: Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria



CADRO 4.1.1.6.

Consumo agrícola de fertilizantes nas CC.AA. 1997-98

(en miles de Tm)

	1997	1998	98/97 (%)	Tm/1000 Ha. (1)	
				1997	1998
Andalucía	400,80	421,90	5,26	85,59	90,09
Aragón	200,50	191,80	-4,34	78,64	75,23
Asturias	7,20	10,20	41,67	19,58	27,74
Baleares	7,80	8,60	10,26	34,98	38,57
Canarias	13,10	22,20	69,47	228,62	387,43
Cantabria	3,40	5,80	70,59	15,11	25,78
Castela - A Mancha	215,20	241,70	12,31	45,95	51,60
Castela e León	426,40	521,60	22,33	79,52	97,27
Cataluña	148,20	152,90	3,17	134,48	138,75
Comunidade Valenciana	198,50	235,90	18,84	286,85	340,90
Extremadura	94,10	104,00	10,52	33,38	36,89
<b>Galicia</b>	<b>71,80</b>	<b>77,70</b>	<b>8,22</b>	<b>116,96</b>	<b>126,57</b>
Madrid	20,90	16,60	-20,57	69,05	54,84
Murcia	111,60	121,60	8,96	218,27	237,83
Navarra	88,80	82,10	-7,55	152,50	140,99
País Vasco	42,30	31,20	-26,24	183,91	135,65
A Rioxa	29,90	32,50	8,70	132,89	144,44
<b>Total</b>	<b>2.080,50</b>	<b>2.278,30</b>	<b>9,51</b>	<b>82,46</b>	<b>90,30</b>

(1) o consumo de fertilizantes por Ha. cáculase a partir dos datos da Superficie Agraria Util de cada CC.AA. segundo INE, Encuesta sobre la estructura de las explotaciones agrícolas 1995  
Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación

tor agrícola, xa que as porcentaxes da produción final agraria eran do 60,8% e 23,96%, respectivamente.

O valor engadido ó custo de factores ou renda agraria aumenta un 3,7% no ano 1997 respecto ó ano anterior, para situarse nos 157.799,6 millóns de pesetas.

O devandito cadro e o gráfico 4.1.1.1. reflicten a vocación comercial do sector agrario, entendida como o cociente entre a produción final agraria e a produción total agraria. Esta relación pon de manifesto un aumento da mesma en 1997 respecto a 1996, ó pasar dun 73,3% en 1996 ó 74,1% do ano 1997. Pola contra, o reemprego no sector agrario descende desde o 26,7% ata o 25,9% de 1997.

Respecto á distribución xeral de terras, **cadro 4.1.1.4.**, a meirande parte da superficie corresponde a terras de secaño (o 97,7% da superficie total). Atendendo ós diferentes tipos de aproveitamentos, a meirande parte das terras corresponde a terreo forestal (un 62,2%), en tanto que a superfi-

cie adicada a terras de cultivo e a prados e pasterios representa o 14,1% e o 14,6% do total, respectivamente.

En termos relativos, a provincia de Lugo é a que máis superficie adica a prados e pasteiros, o 16,7% da súa superficie, e a terras de cultivo (o 18,5%). No concenrente ó terreo forestal, Ourense adica a este uso o 71,5% da súa superficie.

Os gastos de fóra do sector son outro elemento a ter en conta á hora de analizarlo subsector agrogandeiro, xa que son un índice do grao de avance tecnolóxico e de integración. Tal e como reflicte o **cadro 4.1.1.5.**, estes gastos descenderon nun 10,56% en 1997 respecto ó ano anterior. As partidas máis importantes corresponden a pensos para gando (directamente relacionados coa gandería industrial) e a reparación de maquinaria, que suman un valor de 69.718,5 millóns de pesetas, é dicir, o 64,14% do total dos gastos de fóra do sector.

Outro gasto a ter en conta é o consu-

CADRO 4.1.1.7.

**Inscripcións de máquinas agrícolas novas 1997-98**

	Tractores	Motocultores	Total
1997	1.425	895	2.320
1998	1.749	698	2.447
98/97 (%)	22,7	-22,0	5,5

Fonte: IGE e Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación

CADRO 4.1.1.8.

**Índices de prezos percibidos polos agricultores 1997-98: medias anuais españolas**

	1997 anobase 1990=100	1998	98/97 (%)
<b>Productos vexetais</b>	112,07	115,16	2,76
<b>Productos agrícolas</b>	112,30	115,11	2,50
Cereais consumo humano	103,15	95,47	-7,45
Cereais penso	95,30	86,92	-8,79
Leguminosas consumo humano	122,80	121,73	-0,87
Leguminosas penso	104,40	98,49	-5,66
Pataca	98,10	127,67	30,14
Hortalizas	109,16	114,99	5,34
Froitas frescas (non cítricos)	87,53	110,24	25,95
Viño e mosto	153,98	168,33	9,32
Sementes	92,51	95,02	2,71
Flores e plantas ornamentais	105,12	124,42	18,36
<b>Productos animais</b>	119,84	109,61	-8,54
Vacún para abasto	104,09	108,29	4,03
Ovino para abasto	134,16	120,82	-9,94
Cabrún para abasto	131,06	124,99	-4,63
Porcino para abasto	133,60	98,51	-26,26
Aves para abasto	109,90	105,16	-4,31
Coellos para abasto	90,45	93,23	3,07
Leite	119,49	124,71	4,37
Ovos	116,81	107,38	-8,07
La	122,36	112,11	-8,38
<b>Índice xeral de prezos percibidos</b>	114,97	113,09	-1,64

Fonte: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación

mo agrícola de fertilizantes. Do **cadro 4.1.1.6.** dedúcese que Galicia foi a décima comunidade que máis fertilizantes consumiu en 1998, aínda que se se mide en termos relativos, é dicir, ponderándoo segundo a superficie agraria útil de cada comunidade, o posto que ocuparía sería o oitavo. Comparada coa media estatal, que é de 90,3 Tm/1.000 Ha, Galicia está por riba da mesma, cun consumo de 126,57 Tm/1.000 Ha.

Un último gasto fóra do sector a ter en conta é a inscrición de maquinaria. Tal e como reflicte o **cadro 4.1.1.7.**, que recolle a composición do censo da maquinaria

da comunidade autónoma, no ano 1998 prodúcese una redución no número de motocultores (22%), mentres aumenta nunha porcentaxe similar o número de tractores. En termos absolutos, o número de tractores acada a cifra de 1.749 en 1998, fronte ós 1.425 do ano anterior, en tanto que, no caso dos motocultores, pásase dos 895 de 1997 ós 698 do ano considerado.

O **cadro 4.1.1.8.** reflicte os prezos percibidos polos agricultores nos dous últimos anos, onde se aprecia que, en 1998, estos descenderon un 1,64% respecto ó ano anterior. A causa principal deste descenso é

CADRO 4.1.1.9.

Axudas estruturais á agricultura 1996-97

1996			
	Número	Investimento	Subvención
		<i>(en millóns de pesetas)</i>	
<b>Mellora da estrutura productiva das explotacións</b>			
1ª instalación de agricultores novos	829	1.978,9	1.747,7
Investimentos en plans de mellora de explotacións	2.662	10.658,0	2.286,3
Axudas para a introducción á contabilidade	1.246 #		62,0
Axudas a agrupacións de xestión	34		83,7
Investimentos en plans de mellora fóra de acción común	15	83,5	12,6
Axudas á reestruturación do viñado	94	66,1	20,4
Axudas á adquisición de maquinaria en común e innovación tecnolóxica	244	400,8	122,3
<b>Apoio á renda de determinados sectores productivos</b>			
Primas a gandeiros de ovino cabrún	5.138		241,5
Primas a produtores de vacún de carne (becerras)	3.531		37,9
Primas a gandeiros con vacas mosexas	25.861		3.855,1
Axudas á superficie con cultivos herbáceos	38.864		1.324,6
<b>Mellora da renda de explotacións de determinadas zonas</b>			
Indemnizacións compensatorias a zonas de montaña e desfavorecidas	29.016		1.331,6
Razas autóctonas en perigo de extinción	72		4,9
Posta en produción de superficies infrautilizadas en montes veciñais	36		262,3
<b>Medidas para a xestión dos sistemas productivos</b>			
Mellora da eficacia dos sit. productivos agrarios	209		251,3
Cesamento anticipado na actividade agraria	174		75,4
Abandono produción leiteira	5.729		502,9
Defensa sanitaria dos cultivos e control integrado (Atrías)	87	79,0	54,3
Seguros agrarios	3.890		50,0
<b>Total</b>	<b>117.731</b>	<b>13.266,2</b>	<b>12.326,9</b>
<b>1997</b>			
	Número	Investimento	Subvención
		<i>(en millóns de pesetas)</i>	
<b>Mellora da estrutura productiva das explotacións</b>			
1ª instalación de agricultores novos	833	2.001,6	1.939,2
Investimentos en plans de mellora de explotacións	1.346	5.490,4	2.559,8
Axudas para a introducción á contabilidade	1.035		52,7
Axudas a agrupacións de xestión	37		116,9
Investimentos en plans de mellora fóra de acción común	13	59,1	9,8
Axudas á reestruturación do viñado	146	98,8	28,1
Axudas á adquisición de maquinaria en común e innovación tecnolóxica	60	164,8	27,7
<b>Apoio á renda de determinados sectores productivos</b>			
Primas a gandeiros de ovino cabrún	4.487		524,9
Primas a produtores de vacún de carne (becerras)	4.606		164,0
Primas a gandeiros con vacas mosexas	25.331		4.064,2
Primas á comercialización temperá de xatos	62		1,0
Axudas á superficie con cultivos herbáceos	38.625		2.026,0
<b>Mellora da renda de explotacións de determinadas zonas</b>			
Indemnizacións compensatorias a zonas de montaña e desfavorecidas	26.764		1.502,5
Razas autóctonas en perigo de extinción	101		6,8
Protección integrada de viñado	213		17,3
Posta en produción de superficies infrautilizadas en montes veciñais	21		89,4
Conservación do entorno paisaxístico en viñedos da Ribeira Sacra	443		15,1
Prevenición da erosión en sistemas extensivos de pastoreo	54		39,9
<b>Medidas para a xestión dos sistemas productivos</b>			
Mellora da eficacia dos sit. productivos agrarios	145		108,8
Cesamento anticipado na actividade agraria	427		207,9
Abandono produción leiteira	5.660		496,9
Defensa sanitaria dos cultivos e control integrado (Atrías)	79		53,2
<b>Total</b>	<b>110.488</b>	<b>7.814,7</b>	<b>14.052,1</b>

Fonte: Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria

o a caída dos prezos dos produtos animais, que supera o aumento no caso dos produtos agrícolas vexetais.

Finalmente, o **cadro 4.1.1.9.** reflicte as diferentes axudas á explotacións agrarias outorgadas en 1997, segundo os datos da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria. O número de medidas ou liñas de actuación expedidas en 1997 ascendeu a 110.448 (un 6% infe-

rior ó rexistrado o ano anterior), cun volume total de investimentos de 7.815 millóns de pesetas e un volume total de subvencións de 14.052,1 millóns.

Os tres principais grupos de axudas son os correspondentes ás axudas á superficie con cultivos herbáceos, as indemnizacións compensatorias a zonas de montaña e desfavorecidas e as primas a gandeiros con vacas mosexas, que acollen ó

CADRO 4.1.1.10. **Industrias agrarias a 1-1-1998** (1): *distribución segundo sectores*

Sectores	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Cárnicas	49	51	56	65	221
Vícolas e de alcohois	79	77	192	232	580
Manipulación e procesado de flores, tubérculos e produtos hortofrutícolas	53	71	65	52	241
Alimentación animal	40	35	4	24	103
Lácteas	36	38	8	19	101
Outras agroindustrias (2)	28	44	32	20	124
<b>Total</b>	<b>285</b>	<b>316</b>	<b>357</b>	<b>412</b>	<b>1.370</b>

(1) os datos foron extraídos de rexistros administrativos, polo que o feito de aparecer non implica que tódalas industrias estén activas

(2) comprende: manipulación de mel, clasificación e envasado de ovos e outras actividades

Fonte: Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, Directorio da agroindustria galega (1998)

CADRO 4.1.1.11. **Industrias agrarias a 1-1-1998: distribución segundo intervalos de emprego**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
de 1 a 5 traballadores	205	255	296	323	1.079
de 6 a 10 traballadores	32	30	31	44	137
de 11 a 25 traballadores	19	16	18	23	76
de 26 a 50 traballadores	17	9	8	12	46
máis de 50 traballadores	12	6	4	10	32
<b>Total</b>	<b>285</b>	<b>316</b>	<b>357</b>	<b>412</b>	<b>1.370</b>

Fonte: Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, Directorio da agroindustria galega (1998)

82,1% do total das axudas e ó 54,0% das subvencións.

En termos de investimentos, a maior parte dos mesmos van dirixidos a plans de mellora de explotacións que acollen 5.490 millóns de pesetas dos 7.815 millóns investidos, e unhas subvencións por valor de 2.560 millóns de pesetas.

• *Industrias relacionadas.*- Unha primeira aproximación ás industrias agro-gandeiras está recollida nos **cadros 4.1.1.10.** e **4.1.1.11.**, onde se amosa que a 1 de xaneiro de 1998 había un total de 1.370 empresas, das que 1.079 acollían a 5 ou menos traballadores, e tan só 78 empresas tiñan 26 ou máis traballadores.

Atendendo á desagregación segundo subsectores, o máis importante en canto ó número de empresas é o subsector vinícola e de alcohois, con 580 empresas (42,3%), das que 232 están ubicadas na provincia de Pontevedra. Como reflicte o

cadro **4.1.1.10.** este subsector é o que presenta o maior número de industrias en tódalas provincias.

A provincia de Pontevedra, debido precisamente ó maior peso da industria vinícola e de alcohois, é a que acolle ó maior número de industrias, con 412 (o 30,1% do total de industrias agrarias de Galicia), seguida de Ourense, con 357, e Lugo, con 316.

• *Indicadores empresariais.*- Tal e como reflicte o **cadro 4.1.1.12.**, a metodoloxía de Ardán selecciona para o subsector agro-gandeiro 1.033 empresas, cun emprego medio de 19 traballadores por empresa, e que xeraron un VEB total a custo de factores de 72.836,8 millóns de pesetas. O devandito cadro amosa que son as actividades relacionadas coa distribución de produtos alimenticios e bebidas as que engloban un maior número de empresas (685 empresas) xerando o 62,43% do total de ingresos de explota-

CADRO 4.1.1.12.

Complexo agro-gandeiro 1997: actividades que comprende o grupo

(en millóns de pesetas)

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
Producción gandeira	28	6.421,39	1.030,23	331,04	3.389,33	8
Producción avícola	11	7.064,88	1.146,60	89,43	3.010,20	33
Industria cárnica	65	44.633,34	5.532,42	864,29	18.522,15	27
Industria láctea	28	103.109,65	8.107,61	1.622,89	48.852,21	48
Producción de alimentación animal	32	44.475,50	6.372,49	1.480,81	20.982,77	32
Fariñas, pan, dulces e pastelerías	96	13.024,05	4.554,63	849,62	7.857,57	17
Fabr. de bebidas con base alcohólica exc. viño	7	8.926,98	3.861,25	1.820,10	8.012,67	41
Fabricantes de viños	31	5.312,72	1.234,35	566,00	8.797,39	7
Fabr. de bebidas refrescantes non alcoh. e augas min.	17	17.355,32	4.929,88	1.899,37	14.584,28	42
Fabricantes doutros produtos alimenticios	33	16.878,77	4.368,47	1.423,81	15.319,52	33
Distr. xeral maiorista de pdtos. aliment. e bebidas	265	211.428,15	12.101,89	3.245,28	71.735,47	17
Distr. especializada maior. pdtos. aliment. e bebidas	261	169.432,07	12.501,01	2.578,31	56.582,56	12
Distr. detallista de pdtos. alimenticios e bebidas	159	63.139,37	7.096,00	1.484,27	18.659,00	20
<b>Total</b>	<b>1.033</b>	<b>711.202,18</b>	<b>72.836,82</b>	<b>18.255,24</b>	<b>296.305,12</b>	<b>19</b>
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas	9,28%	14,95%	7,69%	7,13%	8,45%	

Fonte: Ardán

CADRO 4.1.1.13.

Complexo agro-gandeiro 1996-97: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB

(en millóns de pesetas)

Núcleos	1996	1997	97/96
A Coruña	10.548,77	11.780,91	11,68
Vigo	8.108,43	8.971,47	10,64
Arteixo	5.896,00	5.089,52	-13,68
Oleiros	4.278,78	4.475,79	4,60
O Porriño	3.883,66	4.281,85	10,25
Lugo	2.265,49	2.659,53	17,39
Redondela	2.144,53	2.285,58	6,58
Ourense	2.257,94	2.186,02	-3,19

Fonte: Ardán

ción e o 43,52% do valor engadido bruto a custo de factores.

Dentro das actividades productivas salienta a industria láctea, onde as 28 empresas seleccionadas presentaron un emprego medio de 48 persoas. Estas empresas xeraron un total de 103.109,6 millóns de pesetas, o 14,5% dos ingresos totais do subsector, e un valor engadido bruto de 8.107,6 millóns de pesetas, o 11,13%.

O principal núcleo de localización atendendo ó valor engadido bruto xerado polas empresas, **cadro 4.1.1.13.**, é A

Coruña, cun total de 11.780,9 millóns de pesetas, un 11,7% máis que no ano anterior, seguido de Vigo, cun valor engadido bruto xerado de 8.971,5 millóns de pesetas, un 10,64% superior ó do ano anterior.

Respecto á evolución da actividade: ingresos, custos e resultados, o **cadro 4.1.1.14.** reflicte que no ano 1997 prodúcese unha redución do resultado económico neto de explotación e dos beneficios das empresas, así como do *cash-flow*. En termos dos ingresos de explotación, redúcese a evolución do VEB a custo de factores e do *cash-flow*, para situarse no 10,24% e no 2,57%, respectivamente.

CADRO 4.1.1.14.

**Evolución da actividade no complexo agro-gandeiro 1996-97: ingresos, custos e resultados**

	1996		1997		97/96
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
Ingresos de explotación	661.709,92	100,00	711.202,18	100,00	7,48
Consumo e outros gastos de explotación	593.058,89	89,63	638.365,35	89,76	7,64
Valor engadido bruto a custo dos factores	68.651,03	10,37	72.836,82	10,24	6,10
Gastos de persoal	44.624,52	6,74	48.146,93	6,77	7,89
Resultado económico bruto da explotación	24.026,51	3,63	24.689,89	3,47	2,76
Amortizacións	8.727,12	1,32	10.033,21	1,41	14,97
Resultado económico neto da explotación	15.299,39	2,31	14.656,68	2,06	- 4,20
Carga financeira	3.661,98	0,55	2.745,23	0,39	- 25,03
Resultado de actividades ordinarias	11.637,41	1,76	11.911,45	1,67	2,35
Resultado de actividades extraordinarias	1.847,93	0,28	614,84	0,09	- 66,73
Resultado antes de impostos	13.485,34	2,04	12.526,29	1,76	- 7,11
Impostos	3.648,08	0,55	4.304,27	0,61	17,99
Resultado neto do exercicio	9.837,26	1,49	8.222,02	1,16	- 16,42
Cash-flow	18.564,38	2,81	18.255,24	2,57	- 1,67

Fonte: Ardán

CADRO 4.1.1.15.

**Evolución do investimento e do financiamento no complexo agro-gandeiro 1996-97**

	1996		1997		97/96
	(en millóns de pesetas)	(%)	(en millóns de pesetas)	(%)	
<b>Activo total</b>	270.043,16	100,00	296.305,12	100,00	9,73
<b>Activo fixo (neto)</b>	103.965,03	38,50	114.251,35	38,56	9,89
Gastos amortizables	2.426,82	0,90	2.004,41	0,68	-17,41
Inmovilizado inmaterial	5.988,30	2,22	6.626,08	2,24	10,65
Inmovilizado material	69.867,76	25,87	73.981,91	24,97	5,89
Outro inmovilizado	25.525,58	9,45	31.533,96	10,64	23,54
Outro activo fixo	156,57	0,06	104,99	0,04	-32,94
<b>Circulante neto</b>	166.078,13	61,50	182.053,76	61,44	9,62
Existencias	49.985,47	18,51	54.306,27	18,33	8,64
Debedores	86.604,36	32,07	93.411,14	31,53	7,86
Tesourería	12.844,03	4,76	13.221,75	4,46	2,94
Outro activo circulante	16.644,27	6,16	21.114,61	7,13	26,86
<b>Fontes de financiamento</b>	270.043,16	100,00	296.305,12	100,00	9,73
<b>Financiamento permanente</b>	125.740,54	46,56	140.800,83	47,52	11,98
Fondos propios	86.916,62	32,19	95.685,48	32,29	10,09
Recursos alleos l/p	34.674,08	12,84	39.864,26	13,45	14,97
Ingresos distribuídos en varios exercicios	4.149,84	1,54	5.251,09	1,77	26,54
<b>Acreeedores a curto prazo</b>	144.302,62	53,44	155.504,29	52,48	7,76
<b>Fondo de rotación</b>	21.775,51	8,06	26.549,48	8,96	21,92

Fonte: Ardán

**Complexo agro-gandeiro 1996-97: estudo económico-financeiro**

**Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación**

	Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega
<b>1996</b>	6,60%	8,45%	12,19%	25,06%	8,90%	17,25%	1,70%	3,30%	0,62%	1,37%	2,10%	2,86%
<b>1997</b>	4,88%	10,30%	12,01%	24,44%	9,08%	16,55%	1,61%	3,38%	0,56%	1,15%	1,96%	3,16%

**Rendibilidade e magnitudes asociadas**

	Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega	Empresa do sector	Empresa galega
<b>1996</b>	5,59%	6,76%	1,86%	3,57%	2,90	1,82	12,26%	13,40%	2,60%	3,78%	2,29	2,49
<b>1997</b>	5,23%	6,96%	1,82%	3,66%	2,90	1,88	10,95%	15,23%	2,46%	3,37%	2,34	2,46

Fonte: Airdán

CADRO 4.1.1.17.

Producción dos principais cultivos agrícolas 1997-98

(en Tm.)

	1997	1998				
	Total	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Trigo	50.287	97.064	12.000	16.744	18.764	1.024
Centeo	26.368	21.860	2.160	10.648	7.586	1.466
Feixón seco	6.937	4.676	2.650	172	850	1.004
Pataca	564.572	411.428	157.150	99.267	103.818	51.193
Feixón verde	15.935	15.342	970	932	2.310	11.130
Tomate	45.971	32.590	2.320	926	3.114	26.230
Leituga	128.891	21.464	2.690	2.566	1.720	14.488
Pradería polifita (1)	4.468	11.402	3.586	6.815	61	940
Uva vinificación	190.108	136.059	8.575	11.387	54.857	61.240

(1) datos en miles de Tm.

Fonte: Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria

En relación ó investimento e ó financiamento, **cadro 4.1.1.15.**, o activo total é financiado nunha maior proporción polos acreedores a curto prazo (52,48%).

No que á análise económica e financeira se refire, o **cadro 4.1.1.16.** reflicte unha situación diferente á das empresas galegas consideradas no seu conxunto. Así, no subsector considerado apréciase unha desaceleración no crecemento dos ingresos de explotación e un incremento relativo dos gastos de persoal. Asemade, prodúcese unha leve redución da rendibilidade económica que implica o descenso da rendibilidade financeira.

• **Agricultura.-** A produción dos principais cultivos en 1998 está recollida no **cadro 4.1.1.17.**, que amosa o papel destacado da produción de pataca en Galicia. A produción total de Galicia en 1997 foi de 411.428 toneladas e un 38,2% da mesma correspondeu á produción da provincia de A Coruña.

En segundo lugar atópase a produción da uva vinificación, que foi de 136.059 toneladas, sendo a provincia de Pontevedra o principal produtor da mesma, con 61.240 toneladas (45,0%).

Atendendo ó **cadro 4.1.1.18.**, que recolle as macromagnitudes agrarias

galegas en 1997, o valor monetario da produción total do subsector agrícola ascendeu a 136.190,2 millóns de pesetas, dos que un total de 70.835,4 millóns corresponden ó reemprego no sector agrario.

Como se pode apreciar, a produción total de cereais, que representa un 6,7% da produción total agraria, está pouco orientada ó mercado: o 78,8% do total producido é reempregado no subsector agrario. No caso contrario están os tubérculos consumo humano, as hortalizas e o viño, onde as súas producións están orientadas claramente ó mercado. Nestes tres últimos grupos, a porcentaxe da produción total adicada ó reemprego é do 14,3%, o 12,2% e o 1,8%, respectivamente.

No que atinxe á contribución do subsector á produción final agrícola, **cadro 4.1.1.19.**, a máis importante corresponde ó viño e subproductos, con 20.967 millóns de pesetas en 1997, o que representa o 32,1% do total. Séguenlle en importancia as hortalizas e os tubérculos para o consumo humano, con 17.050 e 10.470 millóns de pesetas, respectivamente.

Segundo a súa distribución provincial, o devandito cadro amosa que Pontevedra aporta unha maior achega á produción final agraria, con 29.142 millóns de pesetas (o 44,6%), seguida da provincia de



CADRO 4.1.1.18.

**Macromagnitudes do subsector agrícola 1996-97**

(en millóns de pesetas)

<b>1996</b>			
Cultivos	Producción total	Reemprego no sector agrario	Contribución á PFA
Cereais	14.033,4	12.050,5	1.982,9
Leguminosas	4.045,1	339,9	3.705,2
Pallas	1.140,8	1.140,8	
Tubérculos consumo humano	15.500,2	2.011,8	13.488,4
Cultivos industriais herb.	5,3	5,3	
Cultivos forraxeiros	42.872,7	42.872,7	
Pasteiros e prados naturais	18.029,1	18.029,1	
Hortalizas	19.112,1	1.736,0	17.376,1
Cítricos	483,8	4,2	479,6
Froitas non cítricas	4.828,9	868,1	3.960,8
Viño e subproductos	24.378,0	429,8	23.948,2
Outros industriais	83,8		83,8
Flores e plantas ornamentais	7.801,4		7.801,4
Sementes selectas e pes	175,0		175,0
<b>Total</b>	<b>152.489,4</b>	<b>79.488,1</b>	<b>73.001,4</b>

<b>1997</b>			
Cultivos	Producción total	Reemprego no sector agrario	Contribución á PFA
Cereais	9.142,6	7.208,0	1.934,6
Leguminosas	2.261,9	212,2	2.049,7
Pallas	1.137,9	1.137,9	
Tubérculos consumo humano	12.220,5	1.750,7	10.469,8
Cultivos forraxeiros	34.900,6	34.900,6	
Cultivos industriais herb.	2,1	2,1	
Pasteiros e prados naturais	22.791,0	22.791,0	
Hortalizas	19.421,6	2.371,3	17.050,3
Cítricos	483,4		483,4
Froitas non cítricas	5.242,2	82,6	5.159,6
Viño e subproductos	21.345,7	379,1	20.966,6
Flores e plantas ornamentais	6.576,8		6.576,8
Sementes selectas e pes	623,5		623,5
Outros industriais	40,7		40,7
<b>Total</b>	<b>136.190,2</b>	<b>70.835,4</b>	<b>65.354,8</b>

Fonte: Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria

CADRO 4.1.1.19.

**Achega do subsector agrícola á produción final agraria 1996-97**

(en millóns de pesetas)

	<b>1996</b>	<b>1997</b>				
	Total	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Cereais	1.983	1.935	646	931	193	165
Leguminosas	3.705	2.050	1.098	293	235	424
Tubérculos consumo humano	13.488	10.470	4.892	1.957	1.420	2.202
Hortalizas	17.376	17.050	3.880	870	2.060	10.241
Cítricos	480	483	57			426
Froitas non cítricas	3.961	5.160	1.119	1.504	339	2.198
